

ANUNCIO

O 05.04.2024, o alcalde ditou a Resolución da alcaldía núm. 419/2024 que aproba as seguintes bases:

“BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO XULGADO DE FENE 2024-2028

OBXECTO:

O obxecto das presentes bases é a selección de xuíz/a de paz titular do Xulgado de Fene.

REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Poderán participar na presente selección as persoas que reúnan os requisitos seguintes:

1. Ser español.
2. Ser maior de idade.
3. Non estar incluído nalgunha das causas de incapacidade previstas no art. 303 da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do poder xudicial (BOE do 02.07.1985), en adiante LOPX, así como nas incompatibilidades que se indican no art. 389 e seguintes, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

Segundo o artigo 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 157, do 02.07.1985) (LOPX) estarán incapacitados para o exercicio do cargo de xuíz/a de paz:

- a) As persoas impedidas física ou psiquicamente para a función xudicial.
- b) As persoas condenadas por delito doloso mentres non obteñan a rehabilitación.
- c) As persoas procesadas ou inculpadas por delito doloso, en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento.
- d) As persoas que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA:

A presente convocatoria anunciarase no Boletín Oficial da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello de Fene.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada de documentos do Concello de Fene no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Xunto a solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Certificado de nacemento ou fotocopia cotexada do DNI do solicitante.
- b) Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o art. 2.1.a) da Lei 68/1980, de 1 de decembro, sobre a expedición de certificacións e informes sobre a conduta cidadán (BOE núm. 289, do 02.12.1980), que constate se o solicitante atopase inculpado ou procesado.
- c) Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- d) Declaración xurada de non estar incluído nalgunha das causas de incapacidade previstas no art. 303 da LOPX, así como as incompatibilidades sinaladas nos art. 389 e seguintes, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís, debendo acreditarse documentalmente a profesión que exerce o solicitante, se é o caso.
- e) Certificado ou informe médico de que o solicitante non estea impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



ELECCIÓN E NOMEAMENTO:

A elección de xuíz/a de paz titular a efectuará o Pleno do Concello de Fene mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que reúnan requisitos legais que o solicitaran.

No caso de que non se presente ningunha solicitude e/ou ningunha solicitude reunise os requisitos solicitados, o Pleno elixirá libremente.

As/os candidatas/os propostas/os polo Concello serán nomeadas/os xuíz/a de paz pola Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza por un período de catro anos.”

Fene, 9 de abril de 2024

Asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

0-G
360
150
P-
F:
C.I.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).